

1 Líder



O FÚTBOL LUCENSE

ORGULLOSO DELAS

O bo facer dos clubs da provincia no fútbol feminino comeza dar os seus froitos coa clasificación da selección alevín para loitar polo Campionato Galego de combinados comarcais. As lucenses fixeron historia este sábado en Sarria, no campo da Ribela, ao lograr por primeira vez o pase a unha fase final



SUSO VÁZQUEZ
ADESTRADOR



NOELIA LOBATO RAMUDO
RC Villalbes | Interior



LUCÍA MARTÍNEZ RGUEZ
SCD Milagrosa | Lateral



PABLO CASTRO
2º ADESTRADOR



STEPHANIE VIANA SOUZA
Viveiro CF | Lateral



ANTÍA CORRAL MEILÁN
Piringalla | Centrocampista



MARTINA GÓMEZ BOO
SCD Milagrosa | Interior



MARA FIALLEGA GAVÍN
Mondoñedo | Interior - Dianteira



BLANCA RGUEZ FDEZ
SCD Milagrosa | Centrocampista



NEREA OLVEIRA MOGO
Santiago de Foz | Central



LARA VEIGA FERNÁNDEZ
SCD Milagrosa | Porteira



PAULA MALLO PASARÍN
Sagrado Corazón | Interior - Dianteira



CARLA DÍAZ LÓPEZ
SDC Residencia | Lateral



JESSICA ANDRADE VARELA
Monterroso | Porteira - Dianteira



ÁNGELA PENA DÍAZ
Viveiro CF | Lateral

XUVENIL D. DE HONRA

RESULTADOS	
RC Celta - Covadonga	3-0
TSK Rocas - Sp. Gijón	1-2
Bansander - Val Miñor	4-1
Deportivo - CD Lugo	1-0
Pontevedra - Real Oviedo	1-0
Alondras - At. Perinés	4-1
R. Santander - Ural	4-0
R. Ferrol - Colindres	0-1

CLASIFICACIÓNS

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
RC CELTA	53	21	17	2	2	50	16
SPORTING GIJÓN	49	21	15	4	2	65	18
R. SANTANDER	48	21	15	3	3	57	17
CD LUGO	37	21	11	4	6	38	28
RC DEPORTIVO	35	21	10	5	6	40	20
URAL CF	35	21	11	2	8	39	35
REAL OVIEDO	33	21	9	6	6	29	15
ATL. PERINÉS	29	21	8	5	8	35	42
BANSANDER	29	21	9	2	10	29	41
ED VAL MIÑOR	24	21	6	6	9	23	32
RACING FERROL	21	21	5	6	10	27	39
TSK ROCAS	21	21	6	3	12	23	44
PONTEVEDRA CF	19	21	6	1	14	24	45
CD COVADONGA	17	21	4	5	12	20	47
ALONDRA S.C.	12	21	3	3	15	14	40
CD COLINDRES	12	21	3	3	15	9	43

PRÓXIMA XORNADA

Ural CF - Pontevedra	Colindres - R. Santander
RC Celta - Alondras	Real Oviedo - Perinés
Covadonga - TSK Rocas	CD Lugo - Bansander
Val Miñor - R. Ferrol	Sp. Gijón - Deportivo

INFANTIL GALEGA TÍTULO

RESULTADOS	
Portero 2000 - Ourense CF	1-1
Ural - Bertamirans	0-3
Arosa SC - R. Ferrol	5-2
RC Celta - Deportivo	3-5
X. Oroso - Val Miñor	3-1
Victoria - CD Lugo	3-4
Choco - Pabellón	0-1
Montañeros - Sta. Mariña	3-0

CLASIFICACIÓNS

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
R.C. DEPORTIVO	9	3	3	0	0	11	4
BERTAMIRANS F.C.	7	3	2	1	0	10	3
OURENSE C.F.	7	3	2	1	0	10	9
PABELLÓN	7	3	2	1	0	7	3
E.F. PORTERO	5	3	1	2	0	4	2
C.D. LUGO	5	3	1	2	0	5	4
E.D. VAL MIÑOR	4	3	1	1	1	6	5
X. OROSO	4	3	1	1	1	6	5
MONTAÑEROS	4	3	1	1	1	4	3
R.C. CELTA	4	3	1	1	1	10	11
AROSA S.C.	3	3	1	0	2	6	9
C.D. CHOCO	2	3	0	2	1	2	3
RACING FERROL	1	3	0	1	2	8	12
URAL C.F.	1	3	0	1	2	3	9
SANTA MARÍA	1	3	0	1	2	2	8
VICTORIA C.F.	0	3	0	0	3	5	13

PRÓXIMA XORNADA

Ourense CF - Montañeros	Val Miñor - RC Celta
Bertamirans - Portero	CD Lugo - X. Oroso
R. Ferrol - Ural	Pabellón - Victoria
Deportivo - Arosa SC	Sta. Mariña - Choco

XUVENIL LIGA NACIONAL

RESULTADOS	
Sta. Mariña - RC Villalbés	2-2
Conxo - CD Aroosa	3-2
Pabellón - CD Lárez	2-1
Orillamar - R. Bouzas	1-3
Porrño - Calsanz	2-2
CD Lugo B - Deportivo B	1-1
Val Miñor B - Victoria	1-2
RC Celta B - Choco	1-0
Arosa - Valladares	2-4

CLASIFICACIÓNS

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
R.C. CELTA "B"	52	20	17	1	2	61	19
C.D. CALASANZ	44	20	13	5	2	37	19
VICTORIA C.F.	42	20	13	3	4	46	26
CONKO	36	20	11	3	6	46	36
DEPORTIVO "B"	36	20	11	3	6	37	21
C.D. CHOCO	35	20	11	2	7	45	26
PABELLÓN C.F.	34	20	10	4	6	35	22
R. VILLALBES	31	20	9	4	7	25	29
C.D. AREOSA	29	20	9	2	9	33	33
PORRINO C.F.	26	20	7	5	8	37	41
RAPIDO BOUZAS	26	20	7	5	8	21	21
VALLADARES	22	20	6	4	10	35	43
VAL MIÑOR "B"	22	20	5	7	8	25	34
SANTA MARÍA	19	20	5	4	11	24	31
AROSA S.C.	16	20	4	4	12	19	34
C.D. LUGO "B"	15	20	4	3	13	25	48
ORILLAMAR S.D.	14	20	4	2	14	26	63
C.D. LEREEZ	9	20	2	3	15	26	57

PRÓXIMA XORNADA

Valladares - Sta. Mariña	Calasanz - Lugo B
RC Villalbés - Conxo	Deportivo B - Val Miñor B
Aroosa - Pabellón	Victoria - RC Celta B
CD Lárez - Orillamar	Choco - Arosa SC
R. Bouzas - Porrño	

XUVENIL GALEGA NORTE

RESULTADOS	
Estrada - Bergantiños	0-3
Vicotria B - Viveiro CF	1-2
Arteixo - Dumbria	1-3
Ural B - Riveira	0-0
Compostela - Betanzos	2-0
Residencia - O Val	2-1
As Pontes - Conxo B	0-3
G. Caranza - EF Lalin	1-2
Montañeros - Boiro	2-0

CLASIFICACIÓNS

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
E.F. LALIN	49	20	15	4	1	59	22
S.D. O VAL	44	20	14	2	4	50	24
S.D. COMPOSTELA	42	20	13	3	4	40	25
MONTAÑEROS C.F.	42	20	12	6	2	42	19
BERGANTIÑOS C.F.	41	20	12	5	3	41	16
ESTRADA FB	32	20	10	2	8	28	34
C.F. DUMBRIA	31	20	9	4	7	34	30
VIVEIRO C.F. "A"	30	20	8	6	6	34	35
URAL C.F. "B"	30	20	8	6	6	37	28
C.D. BOIRO	30	20	9	3	8	35	32
VICTORIA C.F. "B"	27	20	8	3	9	35	36
C.D. CONKO "B"	24	20	8	0	12	34	30
GALICIA CARANZA	22	20	6	4	10	40	44
S.D. RESIDENCIA	22	20	6	4	10	33	44
C.D. AS PONTES	15	20	4	3	13	24	38
AT. DE RIVEIRA	11	20	2	3	15	34	69
BETANZOS C.F.	8	20	2	2	16	19	60
AT. ARTEIXO	8	20	1	5	14	24	57

PRÓXIMA XORNADA

Boiro - Estrada	Betanzos - Residencia A
Bergantiños - Victoria B	O Val - As Pontes
Viveiro CF A - Arteixo	Conxo - G. Caranza
Dumbria - Ural CF B	EF Lalin - Montañeros
Riveira - Compostela	

XUVENIL GALEGA SUR

RESULTADOS	
Choco B - UD Ourense	1-3
A Seca - Barbadas	1-2
Comesaña - Verín	2-1
Ribadumia - Monteporreiro	1-1
Coruxo - AJ Lárez	1-0
Calasancio - Pabellón B	0-1
Barco - Portonovo	2-3
Alondras B - Vila Corpus	2-1
Montañeros - Val Miñor	5-1

CLASIFICACIÓNS

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
OURENSE C.F.	50	20	16	2	2	67	22
UD. OURENSE	46	19	14	4	1	51	18
MONTPEORREIRO	35	18	11	2	5	43	25
PABELLÓN "B"	33	20	9	6	5	50	29
ALONDRA S.C. "B"	33	20	10	3	7	38	34
A.J. LEREEZ	32	20	10	2	8	50	29
UD. BARBADAS	32	20	10	2	8	28	28
CORUXO F.C.	27	20	7	6	7	33	33
A.C.D. A SECA	26	20	8	2	10	35	37
C.P. CALASANCIO	26	20	7	5	8	25	28
A.D. TOMINO	25	20	7	4	9	45	52
PORTONOVO S.D.	25	20	7	4	9	32	37
A.D. COMESAÑA	23	19	7	2	10	34	45
A.D. VILA CORPUS	23	20	7	2	11	30	38
C.D. RIBADUMIA	22	20	6	4	10	33	46
E.D.C. VERIN	16	20	4	4	12	26	49
C.D. CHOCO "B"	15	20	3	6	11	21	50
C.D. BARCO	14	20	4	2	14	22	63

PRÓXIMA XORNADA

Tomino - Choco B	AJ Lárez - CP Calasancio
UD Ourense - A Seca	Pabellón B - Barco
Barbadás - Comesaña	Portonovo - Alondras B
EDC Verin - Ribadumia	Vila Corpus - Ourense FC
Monteporreiro - Coruxo	

CADETE DIVISIÓN HONRA

RESULTADOS	
Sta. Mariña - Bergantiños	0-0
Conxo - CD Aroosa	2-1
Pabellón - Pontevedra CF	0-4
Ural - San Tirso	1-0
Coruxo - Calasanz	1-0
CD Lugo - Deportivo	0-4
Ourense CF - Victoria	2-2
RC Celtas - R. Ferrol	9-0
Montañeros - Val Miñor	1-4

CLASIFICACIÓNS

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
R.C. CELTA S.A.D.	54	20	18	0	2	90	13
R.C. DEPORTIVO	53	20	17	2	1	66	13
URAL C.F.	41	20	13	2	5	33	19
C.D. LUGO	33	20	10	3	7	41	33
PABELLÓN C.F.	33	20	10	3	7	34	27
VAL MIÑOR	32	20	9	5	6	35	28
PONTEVEDRA C.F.	30	20	10	0	10	38	33
SAN TIRSO S.D.	28	19	8	4	7	31	28
C.D. CALASANZ	26	19	7	5	7	21	23
CORUXO F.C.	26	20	8	2	10	26	33
C.D. CONKO	25	19	7	4	8	25	28
RACING FERROL	25	19	7	4	8	27	47
OURENSE C.F.	23	20	6	5	9	27	40
VICTORIA C.F.	20	20	6	2	12	25	42
BERGANTIÑOS C.F.	18	20	4	6	10	23	50
SANTA MARÍA	17	20	4	5	11	21	41
C.D. AREOSA	10	20	2	4	14	23	50
MONTAÑEROS C.F.	10	20	2	4	14	15	53

PRÓXIMA XORNADA

Val Miñor - Sta. Mariña	Calasanz - CD Lugo
Bergantiños - Conxo	Deportivo - Ourense CF
CD Aroosa - Pabellón	Victoria - RC Celta
Pontevedra - Ural	R. Ferrol - Montañeros
San Tirso - Coruxo	

CADETE GALEGA NORTE

RESULTADOS	
Estrada - Bergantiños B	2-1
Victoria B - Viveiro CF	0-1
Deportivo B - CD Lugo B	2-5
Ural B - Milagrosa	2-2
Bertamirans - Calasanz B	1-1
Dubria - R. Ferrol B	0-0
San Tirso B - X. Oroso	1-3
G. Caranza - Orillamar	4-2
RC Villalbés - EF Lalin	0-2

CLASIFICACIÓNS

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
BERTAMIRANS C.F.	56	20	18	2	0	56	14
X. OROSO	48	20	15	3	2	69	27
REAL VILLALBES	40	20	12	4	4	39	23
RACING VILLALBES	40	20	11	3	6	48	23
GALICIA CARANZA	36	20	11	3	6	48	23
DEPORTIVO "B"	34	20	10	4	6	44	22
C.F. DUMBRIA	33	20	10	3	7	30	32
BERGANTIÑOS "B"	32	20	9	5	6	28	20
C.D. CALASANZ "B"	32	20	9	5	6	29	20
ESTRADA FB	29	20	8	5	7	26	35
SAN TIRSO S.D. "B"	25	20	7	4	9	27	30
VIVEIRO C.F. "A"	25	20	7	4	9	28	32
C.D. LUGO "B"	24	20	7	3	10	26	37
R. FERROL "B"	21	20	5	6	9	18	37
URAL C.F. "B"	20	20	5	5	10	21	29
S.C.D. MILAGROSA	18	20	5	3	12	22	47
EF LALIN	17	20	4	5	11	22	39
VICTORIA C.F. "B"	11	20	3	2	15	14	33

A selección alevín feminina fai historia no fútbol lucense

O COMBINADO DIRIXIDO POR SUSO VÁZQUEZ levará ao fútbol feminino provincial a unha fase final galega por primeira vez. A selección masculina quedou ás portas do pase

A selección feminina alevín fixo historia este sábado en Sarria. Por primeira vez o fútbol lucense feminino estará representado nunha Fase Final do Campionato Galego de Seleccións Comarcais.

O combinado dirixido por Suso Vázquez fíxose un oco nas catro primeiras prazas na Segunda Fase do campionato disputado na Ribela.

As xogadoras lucenses, que asinaron unha extraordinaria Primeira Fase en decembro con dúas vitorias en dous partidos, completaron a fazaña o sábado. Non puideron co Pontevedra no partido que abriu o campionato, pero a vitoria contra a Coruña no segundo e último partido bastoulles para dar o salto á Fase Final.

Unha xogada de estratexia no último minuto serviulles para marcar as diferenzas e gañar un partido moi igualado e de alternativas para os dous equipos.

As xogadoras lucenses buscarán o seu teito na Fase Final, en febreiro, na que tamén estarán Santiago, Pontevedra e Coruña, pero o salto con respecto a temporadas pasadas xa é incuestionable. Mais aló de non lograr a clasificación, tampouco en ningunha fase previa, a selección feminina conseguiu puntuar. Algo que, desta vez, fixeron con creces.

Ás portas do pase

Peor sorte tivo a selección masculina, que tamén partía con opcións de lograr a clasificación. Unha vitoria sería suficiente para o combinado dirixido por Manuel Lameiro, que quedou ás portas da fazaña tras un sorteo moi esixente.

Tras a derrota contra Pontevedra, o pase dependía do resultado ante a todopoderosa Coruña. Os lucenses asinaron un empate que non foi suficiente para quedar entre os catro primeiros.



A Selección Lucense sub-12 feminina que se clasificou para a fase final, antes do Torneo



Varillas e Ancas cos compoñentes da Selección Lucense sub-12 masculina en Sarria

“Continuamos traballando na formación e na evolución das xogadoras, dando pequenos pasos adiante. Noraboa a todas pola clasificación”

SUSO VÁZQUEZ Sub 12 fem.

“Contento porque estivemos a piques de lograr a clasificación cun sorteo moi complicado, pero creo que podemos facer algo máis”

MANUEL LAMEIRO Sub 12 masc.

De menos a máis sen premio final

O LUGO SAÍU DE ABEGONDO COA CABEZA ALTA, pero resignado tras estrelar tres balóns no pau en non encontrar o camiño do gol

Derrota do Lugo en Abegondo nun partido con dúas partes moi distintas: Na primeira foi mellor o Deportivo e plasmonouno no marcador co un a cero co que se chegou ao descanso, mentres que na segunda parte o Lugo monopolizou o encontro pero non atopou o camiño do gol pese a xerar e dispoñer de claras ocasións.

Nos primeiros corenta e cinco minutos o Lugo non se atopou cómodo. Sufriiron os de Alex Antón, aos que apenas lles duraba o balón no seu poder. Pese a reforzar a zaga con tres centrais



Arbitro: Rafael Martínez Carral Campo: Mundo del fútbol (Abegondo), A Coruña

o Deportivo chegou con facilidade aos dominios de Losada, que encaixou o un a cero nunha contra

tras un saque de esquina a favor do Lugo.

A mellor noticia ao descanso era que a vantaxe

herculina era de tan só un gol.

Nos vestiarios o Lugo conseguiu que o guiñón cambiase. A presión en campo rival fixo efecto e empezaron a meter en problemas a un Deportivo que se viu superado.

Martin, coa súa perna menos boa, a diestra, estrelou un balón no larguero, Casariego rematou ao poste e Christian, tras desviar o porteiro o seu remate, tamén viu como o balón íase á madeira. Tres paus nunha segunda parte de total dominio lucense á que tan só lle faltou a guinda do gol.



Alex Ramos executando un penalti no partido de ida

“Un tiempo para cada equipo. No nos llegó con el gran trabajo de la segunda parte”

MIGUEL MATEOS CD Lugo

O Lugo B rabuñou un punto que sabe a gloria ante o Depor

UN GOL DE LIS Á HORA DE XOGO propiciou o empate. Os de Mourellos saíron con vida do treito inicial e rescataron un empate que os mantén na loita pola permanencia



Dani Arias encarándose a portaría rival dentro da área

O Lugo B sumou un punto inesperado pero que sabe a gloria e vale o seu peso en ouro na clasificación, sobre todo tralo empate do Santa Mariña ante o Rácing Villalbés que deixa aos de Mourellos á mesma distancia da permanencia tras superar a xornada ante un dos cocos da Liga Nacional.

O Deportivo B empezou dominando, con moita posesión de balón que obrigou a un sobreesforzo

lucense, basculando e intentando pechar liñas de pase, mentres que en ataque Dani Arias era un islote co que custaba moito asociarse.

A néboa levantou pouco a pouco, pero o panorama escureceuse co cero a un. Un golazo do Deportivo cun disparo desde fóra da área que se coou por toda a escuadra.

O cero a dous parecía cuestión de tempo, pero os herculinos non mataron o encontro cando puideron



Arbitro: Javier Pérez Prado, Tania Fente e Sadoun Bahía. Campo: A Reigosa, Friol, Lugo

“Melloramos e imos sacar isto adiante porque cremos na idea. Parabéns rapaces!” CASTRO CD Lugo B

pese a dispoñer de ocasións, moitas delas xeradas por banda esquerda co mariño Pol Bassa, que estivo a piques de bater a Brais nun man a man. Con todo, co paso dos minutos o Lugo B sen facer ruído foi crecendo a pesar de que os problemas físicos que obri-

garon a realizar tres cambios a Mourellos por lesión.

Á hora de xogo Lis fixo o empate ao rematar un centro de Dani Arias ao corazón da área, e na media hora final o Deportivo B foi menos coco e ata Dani Arias, tras centro de Lis, tivo a remontada.



Pol Bassa cortando unha acción ofensiva de Emilio



Rubén impoñendo a súa potencia en mediocampo

O Villalbés esqueceu parte do botín

O EMPATE DO SANTA MARIÑA CHEGOU NO DESCONTO tras un partido no que o Rácing mereceu con creces sumar os tres puntos en xogo. A lesión de Anxo mermou aos chairegos



David, autor do 1-2, nun lance do partido de ida no Roca



Arbitro: David Iglesias Melón, Miguel de Castro e Alberto Méndez. Campo: Coto grande

Ata en dúas ocasións adiantouse no marcador o Rácing Villalbés en Coto grande, pero o Santa Mariña quedouse cun punto que lle sabe mellor aos locais que aos chairegos, xa que ademais de merecer máis os de Cholas ao longo do encon-

tro, o empate a dous final chegou xa co tempo regulamentario cumprido.

Ata entón o Rácing fíxose co partido nos primeiros minutos e aos cinco de xogo Anxo inaugurou o marcador cunha precisa vaselina tras facerse cun rexeite ao borde

“Mucho premio para el rival en un partido en el que fuimos superiores” CHOLAS RC Villalbés

da área. O propio Anxo tivo un protagonismo non desexado na segunda parte ao retirarse lesionado tras torcerse un nocello que xa chegaba á cita tocado.

O Santa Mariña baseou o seu xogo na primeira parte en balóns longos ao seu corpulento punta, ben defendido pola zaga chairega que tan só cometeu un erro nun penalti de Jose que supuxo o un a un, un ecuador da primeira parte.

Tralo descanso, coa

entrada de lago no terreo de xogo, o Villalbés tivo máis profundidade ante un rival practicamente inofensivo,

polo que o 1-2 que asinou David tras centro de lago parecía que sería determinante nun marcador que puido ampliar de novo David con outro centro de lago.

Pero o Villalbés perdoou e pagouno no tempo de descuento cunha perda de balón ao borde da área rival coa que o Santa Mariña montou unha contra letal para facer o dous a dous no minuto 94 de partido.

OS MELLORES

RC VILLALBÉS

ANXO

RARES

LAGO

A Residencia saldou a conta pendente coa Cheda

OS DE DANI GALÁN estreáronse na casa e seguen invictos no 2019



Árbitro: Jorge Méndez, Tania Fente e Iago Caero Campo: Municipal da Cheda

“Esto debe y tiene que ser un punto y seguido para el equipo” **DANI GALÁN** SDC Residencia

A primeira vitoria da Residencia esta tempada na Cheda fíxose de rogar en exceso, pero chegou coa dinámica positiva que arrastran os de Dani Galán neste inicio de ano, xa que se manteñen invictos no que vai de 2019.

A Residencia, consciente da derrota do As Pontes antes de empezar o encontro, sabía que os tres puntos eran vitais para poñer terra polo medio cos postos de descenso. Para iso Dani Galán mentalizou ao seu equipo, volveuno protexer con tres centrais, deixando libre na media punta a Ander e con Conde

facendo de Veloso ante a ausencia do punta que non se fixo notar cos seus dous goles.

Tras un bo inicio o partido púxose costa arriba co cero a un antes da media hora de xogo. Unha acción sen aparente perigo desencadeou nunha acción de crack do punta visitante, que tras virarse puxo o balón en toda a escuadra sen que puidese facer nada Fer.

Lonxe de virse abaixo a Residencia tomou o mando do partido, cun carrusel de ocasións no último cuarto de hora no que na menos clara chegou o empate, tras



Ánder a piques de anticiparse nun balón dividido a un rival



Fonseca encarando a súa marca nun lance do xogo na Cheda

un saque de esquina lanzado por Cumbras e rematado por Bata, no rexeite Conde foi o máis listo da clase.

Na segunda parte, nada máis empezar, Conde asinou o dous a un cun remate desde dentro da

área. Pouco despois Fonseca estrelou un balón no poste e o Val respondeu con outro pau, pero o marcador non se moveu e a Residencia conseguiu a ansiada vitoria na Cheda.

Remontada exprés e merecida do Viveiro

1-0 NO MINUTO 89, pero os goles de Jairo e Carlos déronlle a volta ao marcador



“Ganamos porque creímos”

ANTONIO SERRANO Viveiro CF

Ata o rabo todo é touro e o Viveiro demostrou que é un miura indomable cando se desata. Na Coruña os de Antonio Serrano tiveron recompensa á fe que mostraron en busca dunha remontada que se converteu en exprés, xa que

a falta dun minuto para terminar o tempo regulamentario o Victoria B mandaba por un gol a cero no marcador.

Ata entón o plan do Viveiro consistía en ser sólidos en defensa na primeira parte para apurar as súas opcións de vitoria co paso do encontro. Antonio Serrano suscitou unha defensa de tres centrais para que o equipo gañase en confianza, e con iso o Viveiro mostrouse moi seguro atrás, mentres que en ataque Jairo estrelou un lanzamento de falta no poste e Juan, cun remate cruzado, buscou tamén o cero a un.

Tralo descanso o Viveiro sufriu un contratempo co un a cero na primeira ocasión dos locais. A partir de aí iniciou un asedio que terminou en derruba nos minutos finais co un a un que asinou Jairo no oitenta e nove a transformar un penalti cometido sobre Juan. Pero os mariños non se conformaron co punto e, tras ver que o árbitro engadía cinco minutos, fóronse con descaro a polo premio gordo que chegou tras unha acción de David Ben que rematou ao fondo das mallas Carlos.



O Calasancio recibiu ao Pabellón Ourense B aínda co marcador final do partido de ida en mente. Este foi totalmente distinto xa que o máis lóxico ao final dos noventa minutos sería que o cero a cero inicial se mantivese.

O Calasancio empezou asumindo algún risco na saída de balón, pero o definido 4-4-2 visi-

Un rebote desnivelou todo

O CALASANCIO perdeu sen ser inferior ao Pabellón B



Os monfortinos Jorge, Andrés e Dani rodean a un rival I DOSI

tante pechaba as liñas de pase e os de Rubén Núñez empezaron a buscar en longo a Nico, que caendo a banda intentou xerar perigo.

O capítulo de ocasións na primeira parte resúmese nunha chegada escorada de Jorge e algunha aproximación visitante en accións a balón parado sen excesivo perigo.

Co paso dos minutos o Calasancio incrementou a súa pre-

senza en campo rival, pero sen que chegasen ocasións claras. Xa na segunda parte o cansazo empezou a pasar factura, polo que estaba claro que o equipo que lograra marcar levaríase todo o botín.

Jorge tivo de novo a máis clara para o Calasancio cun lanzamento de falta e un disparo

“Partido moi igualado no que o máis xusto sería un empate”

RUBÉN NÚÑEZ Calasancio

de Buti cruzado, pero cando mellor estaba o Calasancio chegou o xerro de auga fría.

Unha acción sen aparente perigo terminou co balón na área local e, tras un serie de rexeites, o balón rebotou en Alex e desviou a traxectoria sen que Manu puidese facer nada.

Na recta final o Calasancio buscou con insistencia o empate, dispoñendo de ocasións por medio de Dani e Brais, que reapareceu tras unha lesión sendo esta a principal alegría monfortina neste encontro.

OS MELLORES

CALASANCIO	
SENGI	2 2 2
NICO	2 2
ÁLEX	2



Pérez medíndose cun xogador herculino pola banda



Javi a piques de anticiparse nun balón dividido



Castrín rabuñando o balón nun man a man



Yago Fernández iniciando unha contra en mediocampo

O mesmo guión e resultado que na ida

O LUGO, SUPERADO POLO DEPORTIVO nun encontro cunha boa posta en escena lucense, pero con superioridade herculina

Lugo e Deportivo repetiron na Reigosa, onde debutaron esta tempada os de Martín Murado como locais, o guión de partido e ata o resultado final respecto ao encontro da primeira volta xogado en setembro no Mundo do Fútbol de Abegondo.

No partido de ida o Lugo saíu co coitelo entre os dentes, presionando en campo rival e xerando as primeiras ocasións ante un Deportivo que se mantivo vivo nos primeiros minutos, pero que terminou arrojando aos lucenses

con dous goles na primeira parte e outros dous nuns segundos corenta minutos de monólogo herculino.

O mesmo sucedeu o sábado no partido de volta. Un encontro marcado de inicio polo escenario, xa que o Lugo, tras xogar este tempada como local en Cospito e As Gándaras, debutou en Friol. O segundo condicionante foron as ausencias por lesión, xa que ademais das xa coñecidas de Siro e Borja, o venres cae da lista Samu tras notar molestias no último ades-

“Superioridade total do Deportivo en Friol neste encontro”

MARTÍN MURADO CD Lugo

tramento da semana. Todo iso obrigou e animou a Martín Murado a un cambio de sistema, pasando a un 4-2-3-1 con Rosón na media punta e Yago López de novo no mediocampo.

Unha vez que comezou a rodar o balón os primeiros minutos do Lugo foron

moi bos, cunha efectiva presión en campo rival que propiciou as primeiras chegadas á área. O Lugo estaba cómodo, pero a pegada correu de novo a cargo do Deportivo, que co cero a un ao cuarto de hora tras un penalti, baixou as pulsacións do Lugo.

O Deportivo fixo correr aos lucenses detrás do balón ata esgotarse, e co cero a dous antes do descanso déronlle a estocada definitiva a un encontro que na segunda parte só tivo unha cor, a branquiazul.

A Milagrosa súmase á media inglesa

TRAS GAÑAR NA CASA E EMPATAR FÓRA

os de Madriles poñerán a proba o efecto Frigsa ante o Bertamiráns, líder invicto



Rafa e Denis nun lance do partido da primeira volta

A Milagrosa rabuñou un punto ante un reforzado Ural B que sabe a gloria. Os de Madriles manteñen o goteo de puntos tras impoñerse a pasada xornada ao Deportivo B en Frigsa, onde recibirán ao Bertamiráns, líder invicto, a próxima xornada, de aí a que o punto conseguido en Leyma aínda teña máis valor.

Denis, que dispuxo dos seus primeiros minutos en 2019 ao reaparecer tras lesionarse no derbi ante o Viveiro, selou o dous a dous final ao transformar un penalti no último minuto. Ata entón, a primeira parte transcorreu sen un domi-



“Pese a adelantarnos en el marcador el punto es positivo”

MADRILES SCD Milagrosa

ceu ata insistir no empate na recta final do encontro. Nico, cun remate a saída dunha falta lateral, estivo a piques de asinar un empate que se resistiu ata que Denis transformou un penalti cometido sobre Rafa nos últimos instantes do encontro.

A media inglesa dos de Madriles e o efecto Frigsa co que suman cinco xornadas sen perder poñerá a proba na súa máxima expresión coa visita do Bertamiráns a próxima fin de semana.

nador claro, moitísimo fútbol directo e intensidade nas segundas accións, pero con poucas chegadas ás áreas.

A Milagrosa chegou ao descanso con vantaxe ao rematar Miguel de cabeza unha falta nos últimos instantes

da primeira parte. Xa na segunda, o Ural B meteulle unha marcha máis ao xogo, con xogadores que compiten habitualmente en División de Honra, e deulle a volta ao marcador en apenas dez minutos.

A Milagrosa capeou o temporal e cre-

OS MELLORES

MILAGROSA

PAJÓN 2 2 2

MIGUEL 2 2

RAFA 2

A néboa borrou a pegada

O VILLALBÉS CEDEU OS TRES PUNTOS ANTE O LALÍN nun partido no que os de Simón Lamas sufriron un apagón nos metros finais



DERROTAS
no Roca esta tempada, ambas por cero goles a dous tras caer ante Bertamirans e Lalín no fortín chaireiro do Rácing Villalbés

Arbitro: Yago Amil Castro, Ismael Martínez e Manuel García. Campo: Roca

“Xeramos moitas ocasións de gol, pero non controlamos o xogo o suficiente como para facer un bo partido” SIMÓN LAMAS RC Villalbés

O Lalín sorprendeu ao Rácing Villalbés baixo o mando de néboa que acompañou ao longo dos oitenta minutos de xogo. A derrota, inesperada, afasta aos de Simón Lamas do soño do segundo posto e dá vida ao Lalín na zona baixa da clasificación.

A formulación visitante, con defensa de cinco, catro no medio e un só punta, puxo en complicacións ao Rácing Villalbés sobre todo nos metros finais, xa que os chaireiros conseguiron xerar ocasións como para mínimo sumar algún dos tres puntos en

xogo.

Iago Gesto e Diego amagaron co un a cero, que tamén puido chegar cun claro penalti non sinalado sobre Gabriel ou co goteo constante de internadas de Gabi por banda dereita ao longo dunha primeira parte que terminou cun xerro de auga fría tralo cero a un co que se adiantou o Lalín co único disparo entre os tres paus dos visitantes na primeira parte.

Na segunda o Villalbés iniciou un asedio que terminou sen derruba. Simón Lamas queimou

OS MELLORES

RC VILLALBÉS

NOEL V. 2 2 2

CADRA 2 2

I. GOAS 2



David anticipándose a un xogador do Lalín ante Noel



Gabriel golpeando o balón ante a presión dun defensa do Lalín

as súas naves suscitando un 3-4-1-2, pero faltou a guinda do gol, ata esta resistiuse cando xa se cantaba o empate tras un remate de Dani á saída dun córner. Por ocasións claras o Rácing

mereceu máis premio, pero a contundencia correu a cargo dun Lalín que sentenciou o encontro nunha contra cando o Villalbés estaba envorcado en busca do empate.

Vitoria clave dun Viveiro que segue en liña ascendente

OS DE LUCHI sumaron 13 dos últimos 18 puntos en xogo na Liga Galega cadete



Goles: Pablo foi o autor do gol do Viveiro

Arbitro: Sergio Sánchez Martínez

“Partido sufrido que debimos cerrar antes” LUCHI Viveiro CF

O Viveiro segue cotizando á alza. Os de Luchi sacaron a cabeza do pozo cando peor pintaban as cousas e xa están cun bo colchón de puntos sobre o descenso tras sumar 13 dos últimos 18 puntos en xogo, os tres últimos ademais ante un rival directo ao que tamén se impoñen no golaverage particular.

Cada xornada que pasa o Viveiro é máis sólido en defensa, e unha boa proba diso é que nos últimos cinco encontros tan só encaixaron dous goles, mentres que en ataque este Viveiro é máis vertical que o de inicio de curso.

O Victoria B saiu como se esperaba, con moita intensidade nos primeiros minutos nos que o Viveiro estivo firme en defensa. Unha vez aguantado o tirón inicial, os celestes creceron en ataque e froito diso chegou o cero a un cunha internada pola banda de Luis que terminou nun centro que rematou Pablo chegando desde segunda liña aos vinte de xogo.

A partir de aí o Viveiro defendeu sólido o xogo directo local e á contra tivo ocasións para sentenciar o encontro sen ter que sufrir nos minutos finais do encontro nos que o Victoria B, por acumulación de xogadores, obrigou aos mariñais a defender con uñas e dentes o marcador.



Goles: Abele e Hugo para o Deportivo. Luis, Leo, Freire e Borja (2) para o Lugo B.

Arbitro: Óscar López Fernández

Un partido para recordar

O LUGO B ASALTOU ABEGONDO e colle aire na clasificación

“A mellora está no día a día, non hai máis segredo” SEOANE CD Lugo

a cero co que o Deportivo B se adiantou no marcador aos dous minutos.

Os guiños desexados no Mundo do Fútbol xeralmente están escritos cunha premisa, non encaixar gol rápido. O Lugo B non a cumpriu, xa que na primeira chegada do encontro a unha área os coruñeses inauguraron o marcador.

A boa noticia chegou coa reacción tras encaixar o gol. O Lugo B presionou a saída de balón local, roubou e meteu en complicacións ao Deportivo B continuamente. Borja devolveu as táboas ao marcador aos cinco minutos, e antes do cuarto de hora inicial o nove albivermello deu a volta ao electrónico ao aproveitar un



Gabri controlando o balón ante un xogador do Deportivo B

rexente tras unha falta.

A partir de aí o Lugo B incidiu no que estaba facendo ben e ao descanso foise cunha merecida renda de dous goles tras asinar Luis o un a tres logo dunha gran xogada colectiva.

Tralo paso polos vestuarios o Lugo B non puido manter a esixencia física presionando en

campo rival, pero deu un recital defensivo e de como saír á contra. Deste xeito Freire e Leo levaron o marcador ata o un a cinco en Abegondo, que non puido maquillar o Deportivo B nin co 2-5 final na última xogada dun encontro que quedará para o recordo no fútbol base lucense.

Moi poucos equipos, non só desta Liga e esta tempada, poden presumir de saír de Abegondo cos tres puntos en xogo, e menos tras endosarlle aos herculinos cinco goles. Aínda que a fazaña dos de Seoane vai máis aló, xa que o dos a cinco final chega tras remontar o un

A Residencia suma máis que un punto

GRAN REFORZO ANÍMICO DO GRUPO tras competir de poder a poder nun encontro marcado polas ausencias

RESIDENCIA  Gol: Alonso	1	G. CARANZA  Gol: Alex
--	----------	---

Diagrama táctico de un equipo de fútbol en un campo rectangular dividido en dos mitades. Los jugadores están distribuidos en las posiciones de defensa, centrocampismo y ataque. Los nombres de los jugadores están escritos en español.

Defensa: Nico S. (centro), Iván (lateral izquierdo), Lois (lateral izquierdo), Iván (lateral derecho), Victor (lateral derecho).

Centrocampismo: Erik (centro), Raúl (centro), Alonso (centro), Montero (centro), Álvaro (centro), Raúl (Pablo) (centro), Alex (centro).

Ataque: Alonte (centro), Fio (Saúl) (centro), Nacho (centro), David (centro), Alain (Eloy) (centro), Sergio (centro).

Arbitro: Jose Luis Frana Torres **Campo:** A Cherdá

“Parabéns aos rapaces polo grandísimo esforzo feito neste partido. De 10 todos”

KAISER SDC Residencia

7

BAIXAS tuvo
Kaiser por
enfermedad
e lesión para
enfrentar este
enfrento

A Residencia demostrou que é un dos equipos con máis amor propio do fútbol base lucense. A situación na que afrontaron os de Kaiser o encontro ante o Galicia Caranza canto menos invitaba a borrarse, pero o equipo deu un gran paso á fronte.

A Residencia encanou o encontro trala dura derrota da xornada pasada ante o Imperátor, cunha praga de lesións por enfermidade e lesión, e ademais de todo iso, Kaiser non puido tirar dos alevíns que xa participaron esta tempada na máxima categoría, ao estar xogando o Torneo de Seleccións Comarcais en Sarria.

Lonxe de buscar escusas a Residencia asinou un gran encontro, sobre todo a nivel de compromiso. Na primeira parte tocou apertar os dentes e defender con orde ante un bo Galicia Caranza que non atopou o camiño do gol ata o último minuto, tras dispoñer de ocasións antes para adiantarse no marcador.

Nos vestidores, Kaiser insistiu em que o equipo se mantivesse no partido, e fixou. A Residencia empenhou-se a crescer aos poucos, a base de esforço atá conseguir ter máis presença en campo rival. Á hora de xogo, Manu transformouno en penalti cometido sobre Alonzo e nos últimos vinte minutos as alternativas abríronse para ambos equipos.

Alonso tivo a máis clara para darlle os tres puntos á Residencia cun disparo que se marchou pegado ao poste. Tamén tivo o un a dous o Galicia Caranza, pero ao final o empate a un é máis que un punto para os da Cheda.

Próxima xornada

A Residencia visita ao Conxunto de Santiago no campo da Merced a próxima fin de semana. Os composteláns son líderes deste Grupo pola permanencia na Liga Galega. Un equipo ao que xa se mediron na primeira fase nas Gándaras nun partido que finalizou cun axustado dous a tres.

Nacho lanzou un salvavidas ao Calasancio en Coruxo

OS MONFORTINOS

aférranse ás
súas opcións de
permanencia

CORUXO  0	CALASANCIO  1
--	--

Goles: Nacho foi o autor do gol do Calasancio

“El gol fue clave para jugar mucho más tranquilos con el marcador a favor”

MANU RODRÍGUEZ Calasancio

O Calasancio aceptou o reto de loitar pola permanencia na Liga Galega infantil. Os monfortinos desprazáronse a Coruxo nun cara ou cruz, xa que ou saían cos tres puntos ou encontráronse de encontro ou practicamente despedíanse da categoría reina do fútbol infantil.

Os dous equipos encararon o partido co coitelo entre os dentes polo que a tensión eclipsou o fútbol, sobre todo nos primeiros minutos nos que o xogo directo e as disputas acaparon todo o protagonismo.

Aos poucos o Calasancio foi crescendo, e no ecuador da primeira parte Cereijo serviu un bo balón ao espazo que aproveitou Nacho para facer o cero a un tras picarlle o balón ao porteiro local. Na única ocasión do Coruxo na primeira parte Xoán evitou o empate.

Xa na segunda metade, coa tranquilidade do cero a un, o Calasancio apelou á forza do grupo, especialmente en defensa, onde todos os xogadores puxéronse o mono de traballo para evitar ocasións locais e saír con máis que tres puntos de Coruxo, xa que saen con vida na loita pola permanencia.

Un partido con dúas partes na derrota da Milagrosa

NA PRIMEIRA

competiron de poder
a poder e na segunda
foron superados

IMPERÁTOR 	MILAGROSA 
5	0

Goles: Jorge, David e Sam (3) fixeron os goles do Imperator.

“Tenemos que seguir trabajando para conseguir competir los ochenta minutos del mismo modo”

MIGUEL REGO SCD Milagrosa

A Milagrosa, dirixida na Coruña ante o Imperátor por Miguel Rego, volveu ter sensacións opostas ao final do encontro, xa que tras asinar unha boa primeira parte o partido fíxose-lles moi longo unha vez máis aos lucenses.

A Mila visitou ao Imperátor a finais de ano no último encontro da primeira volta, no que perderon por seis goles a cero, pero o máis significativo respecto de este partido é que a superioridade herculina foi moito maior no partido de decembro que neste.

O marcador ao descanso mantiña o cero a cero inicial e ata cunha clara ocasión da Milagrosa, que se puido adiantar cunha vaselina de Raúl que sacou un defensa local sobre a liña de gol e un man a man de Bruno Vasco.

Xa na segunda parte o cansazo e o un a cero nos primeiros minutos sacou á Milagrosa do encontro. O Imperátor foi mellor e plasmouno no marcador con catro goles máis para asinar o cinco a cero final nun partido con dúas partes moi distintas.



Manu gana a liña de fondo tras superar a dos defensas



Nico Suárez coa pelota encarando a un xogador rival



O branquiazul Alonso nun lance do encontro xogado no López Gorgoso

Proba de madurez superada

O LUGO REMONTOU AO GRANDE E RESISTIU O ASEDIO FINAL dun Victoria moito máis físico. Os lucenses non se engurraron e sumaron o primeiro triunfo nesta fase



“Nos costó sufrir al final ante el juego físico del rival”

DANI GALÁN CD Lugo

Ayman deulle a volta ao marcador cun gran remate no primeiro pau tras centro de Manu.

O Victoria intentou reaccionar cun disparo que se estrelou no poste da portería defendida por Nacho, mentres que o Lugo non deixou pasar a súa oportunidade de poñer terra polo medio no marcador co un a tres que selou Moha cun remate no segundo pau á saída dun córner.

Todo iso na media hora de xogo inicial dun partido frenético que se acougou un pouco nos últimos dez minutos da primeira parte, pero que volveu ser vibrante na segunda metade.



Moha abrazando a Ayman para celebrar un gol ante Marco nun partido nas Gándaras

Dous empates e unha vitoria para o Lugo neste inicio de Campionato Galego infantil no que os de Dani Galán, ademais de manterse invictos, colócanse nos primeiros postos logo das tres primeiras xornadas.

Na Coruña ante o Victoria, os lucenses superaron unha esixente proba, xa que os herculinos exhibiron todo o seu potencial físico nun partido que empezou costa arriba cunha presión local moi

alta que asfixiou ao Lugo nos primeiros minutos, chegando o un a cero aos tres de xogo.

Cando peor pintaban as cousas o Lugo colleu aire, púxolle calma ao xogo, baixou o balón e fixo correr aos herculinos detrás do esférico.

Ao cuarto de hora Ayman transformou un penalti provocado sobre Diego e tan só dous minutos despois o propio

OS MELLORES

CD LUGO	
DIEGO	1 2 3
AYMAN	1 2 3
MOHA	1 2 3

O Victoria non deu nada por perdido pese ao un a tres co que se chegou ao descanso e nos segundos corenta minutos acumulou moitos xogadores en ataque, con defensa de tres e fútbol directo ante o que o Lugo sufriu, pero saiu vivo tras poñerse o mono de traballo.

O dous a tres chegou tras unha falta sen aparente perigo no medio-campo pero a reacción lucense non se fixo esperar e logo dunha boa presión de Diego, o mellor xogador do encontro, Pérez aproveitou o rexeite para poñer o dous a catro no electrónico.

Cuarto triunfo consecutivo dos mariñaos, e segundo no que os primeiros minutos marcan o devir do partido. O Burela saiu de novo moi enchufado ao encontro fronte a Sarriana, un duelo no alto da táboa, e a presión en campo contrario deu cedo os seus froitos, xa que Adrián adiantaba aos da Marosa no minuto seis, cun disparo dende fora da área.

O gol deu tranquilidade

aos locais, que tiveron numerosas ocasións, ante as que se luciu o porteiro sarriao Álex, para ampliar a vantaxe. Aínda así, antes do descanso Fernando facía o dous a cero que ampliaba a renda.

A Sarriana quixo arriscar na segunda metade e tivo, nun disparo que bloqueou Diego, o 2-1, pero o Burela non levantou o pé do acelerador e Yago, por partida dobre, e Fernando, levaban o marcador ata o

“Outro partido no que un bo o inicio nos dá tres puntos”

JAVI RUIZ Burela SD

“Mal partido pola nosa parte, temos que olvidalo canto antes e seguir traballando para corrixir os erros e poder mellorar”

RAÚL Sarriana

5-0 con 15 minutos aínda por diante. Saúl Fernández facía o gol sarriao cun gran disparo de falta que se coou pola escadra e, no último minuto de encontro, Fernando pechaba o resultado co definitivo 6-1 e un hat trick na súa conta

particular, o segundo consecutivo.

A próxima fin de semana a Sarriana recibe á SD Viveiro na Ribela, nun novo encontro de altos voos. O Burela volve xogar como local e recibe ao Becerreá.

O Viveiro colle bo ritmo

OS DE ANTONIO SERRANO lograron fronte ao Sagrado Corazón o seu segundo triunfo consecutivo e escalan posicións na táboa, ocupando o terceiro posto

SAGRADO CORAZÓN	SD VIVEIRO
Gol David Basadre	Goles: Samu, Martí e Teshome
1	3
Arbitro: Adrián Fernández Tejido	Campo: Rodríguez Lago

“Debemos seguir en esta línea tanto en los entrenamientos como en la competición. Formar jugadores es el éxito, no conseguir medallas”

ALBERTO PÉREZ Sagrado Corazón

“Seguimos mejorando y creciendo como equipo. Enhorabuena a todos por la victoria”

ANTONIO SERRANO SD Viveiro

OS MELLORES

SAGRADO	SD VIVEIRO
JARNO	MARTÍ
ISMA	CARLOS
MANU H.	SAMU

Tras gañar a pasada fin de semana ao Rácing Villalbés 4-2 os celestes lograron a terceira vitoria no provincial, a segunda de forma consecutiva, e ocupan a terceira posición na táboa por detrás de Ribadeo e Burela.

O encontro do pasado sábado no Rodríguez Lago empezou con igualdade, cun Sagrado seguro atrás esperando a súa oportunidade ao contragolpe e o Viveiro madurando



Basadre, autor do gol do Sagrado, ante o celeste Juan Liz

Adrián puxo un balón a Teshome para que este inaugurara o marcador cando só transcurrían 12 minutos de partido. Xusto despois o Sagrado devolveu o golpe coas súas armas, e tras unha recuperación David Basadre aproveitou un balón longo para devolver as táboas ao marcador.

O Viveiro acusou o golpe e costoulle volver arrancar, pero xusto antes do descanso Adri atopou entre liñas a Martí, que facía o 1-2 que resucitava aos celestes.

Tralo paso polos vestiarios o Sagrado arriscou cunha presión alta en busca de marcar, pero o Viveiro soubo ter paciencia para atopar o camiño do gol e así, mediada a segunda metade, Samu sentenciaba o encontro co definitivo un a tres que daba a vitoria aos de Antonio Serrano no Rodríguez Lago das Gándaras.

as xogadas para pouco a pouco ir atopando espazos. Así, o primeiro gol celeste chegou tras un saque de banda, no que



Adri, xogador da SD Viveiro, entre Berto e Adri



O branquiazul Dawit e Carlos nun balón dividido



Fran trata de sacar un balón de costas a Teshome

CLASIFICACIÓNS

INFANTIL Promoción Ascenso

RESULTADOS	
Sagrado A - SD Viveiro	1-3
Burela SD - Sarriana	6-1
Becerreá - Ribadeo	1-3
Residencia B - CD Lugo B	2-10

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P	GF	GC
SD RIBADEO	14	6	4	2	0	14	3
BURELA SD	12	5	4	0	1	22	10
SD VIVEIRO	9	5	3	0	2	14	14
CD LUGO B	8	6	2	2	2	24	17
SD SARRIANA	8	5	2	2	1	12	14
RC VILLALBES	7	5	2	1	2	21	10
SD RESIDENCIA B	4	5	1	1	3	9	28
SAGRADO C.A.	3	6	0	3	3	11	21
SD BECERREÁ	1	6	0	1	1	8	16

PRÓXIMA XORNADA

Villalbés A - Sagrado A	Burela - Becerreá
Viveiro - Sarriana	Ribadeo - Residencia B

INFANTIL Play-Off

RESULTADOS	
Castro - Antas	2-3
Ferrovíaria - Polvorin A	3-4
Laurenzá - Foz	Apr.
Palas - Piringalla A	5-2

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P	GF	GC
POLVORIN A	16	6	5	1	0	24	6
LOURENZÁ	15	5	5	0	0	40	0
PALAS	13	6	4	1	1	17	13
PIRINGALLA A	9	6	3	0	3	17	23
FOZ	7	5	2	1	2	17	15
CD CASTRO	3	6	1	0	5	5	20
ANTAS	3	6	1	0	5	5	38
FERROVIARIA	1	6	0	1	5	7	23

PRÓXIMA XORNADA

Antas - Ferrovíaria	Foz - Palas
Polvorin A - Laurenzá	Piringalla A - Castro

INFANTIL Torneo Delegación

RESULTADOS	
Piringalla B - At. Abuin	7-0
Casás - Villalbés B	5-5
Viveiro CF - Sagrado B	2-0

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P	GF	GC
RC VILLALBÉS B	13	5	4	1	0	32	14
CASÁS	13	5	4	1	0	28	11
PIRINGALLA B	5	5	1	2	2	14	9
SAGRADO B	5	6	1	2	3	14	19
VIVEIRO CF	5	5	1	2	2	11	17
AT. ABUÍN	5	5	1	2	2	9	15
CD CORGO	3	5	1	0	4	10	33

PRÓXIMA XORNADA

Corgo - Piringalla B	Villalbés B - Viveiro CF
At. Abuin - Casás	

PLAY OFF | TORNEO DELEG.

Antas e Viveiro estrearon a súa conta de victorias nesta xornada

Os da Ulloa, no grupo Playoff, sumaron os tres puntos a domicilio fronte ao Castro pola mínima. Nun encontro no que todos os goles se viron na primeira metade, Andrés foi o autor do definitivo 2-3 que deu o triunfo aos de Abelairas.

Tralo aprazamento do encontro que media a Laurenzá e Foz o grupo Playoff ten novo líder, o Polvorin, que se impuxo por tres goles a catro á Ferrovíaria.

No Torneo Delegación o Viveiro se impuxo ao Sagrado Corazón B no Marcos Gómez para conseguir o primeiro triunfo grazas aos goles de Manuel e Nico.

O Ribadeo soubo sufrir no Municipal

TRABALLADO TRIUNFO DO LÍDER, que tivo paciencia para abrir o marcador na primeira metade e chegou aos minutos finais co Becerreá buscando o empate

SD BECERREÁ	1
SD RIBADEO	3
Antón	Aarón
Martín	Dopico
Claudio	David
Alejo	Hugo
Candela	Brais
Adrián	Javi
Diego	Roi
Andrés	Migui
Babiac	Sergio
Javi	Carlos
Carlos	Antón
Sergio	Adri
Dorado	Xabi
Dani	Igna
	Augoub

Goles: Carlos fixo o gol do Becerreá. Carlos (2) e Antón marcaron para o Ribadeo.

Arbitro: Jesus Adán Gallego

Podería agardarse que o partido entre o líder e o colista do Provincial infantil fora de gran desigualdade, pero nada máis lonxe da realidade tralo visto o pasado sábado no Municipal de Becerreá. Un encontro no que de inicio ambos equipos tenteáronse e buscaron a área rival, aínda que sin ningunha ocasión clara.

Pouco a pouco o Ribadeo foise atopando mellor no campo, e pasada a

media hora Carlos adiantaba aos mariñoas ao aproveitar un pase en profundidade. Na xogada seguinte de novo Carlos facía o 0-2, tras unha bonita xogada persoal que poñía o partido de cara para os de Moro.

Pese ao resultado desfavorable os de Nico non baixaron os brazos e tralo descanso tiveron os seus mellores minutos, e pese a que o Ribadeo tamén tivo opcións de ampliar a

“Seguimos compitiendo muy bien ante grandes rivales. Enhorabuena a todos por el esfuerzo realizado”

NICO LONGHINI SD Becerreá

“Faltounos definir as ocasións de gol e despois tivemos problemas para pechar o partido”

MORO SD Ribadeo

renda, foi o Becerreá o que viu porta a falta de quince minutos para o final, cun golazo de Carlos.

Con tempo por diante David tivo nas súas botas o empate cun disparo que se foi ao lateral da rede, e na

última xogada do encontro o mariño Miguel, tras unha boa xogada persoal, dáballo o balón a Antón para que este fixera o definitivo 1-3 co que o Ribadeo se levou os tres puntos e se mantén no máis alto da táboa.

Pichichi
 CADETE PROVINCIAL

Xogador	Equipo	G.
SAMU	Ribadeo	22
DANI	Burela SD	19
ISMAEL	CD Foz	18
DHOMI	Polvorín A	15
DAVID	Sagrado	15
HAMZA	Sarriana A	15
MANU COUCE	Polvorín A	14
MANOEL	Residencia A	13
ISMA	Monterroso	12
LOMBARDÍA	Residencia A	12
ABUÍN	CD Foz	11
HUGO SOTO	Burela SD	9
MANU	Castro	9
SERGIO	CD Foz	9
SAMUEL	Polvorín A	9
MARTÍN	Residencia A	9
CANCIO	Residencia A	9
DEL VISO	Ribadeo	9
LUCAS	CD Foz	7
ÁLEX FDEZ.	Polvorín A	7
YONI	Sagrado	7
AYÁN	Sarriana A	7
RIVEIRA	Castro	6
RAÚL	Monterroso	6
DAVID	Polvorín A	6
VICTOR	Residencia A	6
MOREDA	Ribadeo	6
M. GUEDES	Ribadeo	6
ROI	Ribadeo	6
DAVID OTERO	Burela SD	5
ADRIÁN	Burela SD	5
JOSE	CD Foz	5
PABLO	CD Foz	5
IVÁN	Monterroso	5
SANTI	Monterroso	5
MARCOS L.	Polvorín A	5
YOEL	Residencia A	5

Regularidade
 CADETE PROVINCIAL


Xogador	Equipo	P.
DANI	Burela SD	22
CARLOS	CD Foz	19
ISMA	Monterroso	18
ADRIÁN	Burela SD	16
ABUÍN	CD Foz	15
CANCIO	Residencia A	15
LOMBARDÍA	Residencia A	14
JAVI PÉREZ	Ribadeo	14
MANU	Castro	13
ÁLVARO	CD Foz	13
DAVID OTERO	Burela SD	12
ANXO	Burela SD	12
ANDRÉS	Polvorín A	12
DAVID	Sagrado	12
RICARDO	Sarriana A	12
MIGUEL	Castro	11
ÁLEX	CD Foz	11
SAÚL	Sarriana A	11
GUILLE	Residencia A	10
ARCADIO	Castro	9
ISMAEL	CD Foz	9
ÁLEX VV	Monterroso	9
GABI	Monterroso	9
MANU	Monterroso	9
JAVI	Polvorín A	9
ÁLEX FDEZ.	Polvorín A	9
MARCOS L.	Polvorín A	9
SAMUEL	Ribadeo	9
ROI	Ribadeo	9
DIEGO	Ribadeo	9
AARÓN	Sagrado	9
HAMZA	Sarriana A	9
SERGIO	CD Foz	8
JOSE	CD Foz	8
JORGE	Monterroso	8
IVÁN	Monterroso	8
DHOMI	Polvorín A	8
MANU COUCE	Polvorín A	8



Adrián Vázquez dando instrucións a Guille durante un encontro disputado esta tempada pola Residencia cadete

Manoel foi o único que atopou portería

ANTE UN FOZ centrado en evitar un festival da Residencia no Municipal. Os branquiazuis nunca quedaran cun só gol



FOZ	RESIDENCIA
ÁLVARO	RUBÉN
ROBERTO	CANCIO
ISMA	BRAIS G.

O gol resistiuselle máis do agardado á Residencia no Municipal de Foz. Os

locais xogaron as súas cartas para non sufrir con excesivo rigor o potencial ofensivo branquiazul e, con esa premisa defensiva, conseguiron que, por primeira vez na temporada, o equipo da Cheda non ano-

“Gran traballo ante o que é o mellor equipo da categoría”
 BURUNDA Foz

“Bo partido a nivel defensivo. Lástima non estar máis acertados de cara a gol”
 ADRIÁN VÁZQUEZ Residencia

acertado durante todo o encontro, rexeitou en primeira instancia pero que aproveitou Manoel, cun segundo remate. Os branquiazuis seguiron insistindo para ampliar o marcador, metendo cada vez máis atrás ao Foz que, con todo, aguantou o 0-1 e deuse algunha alegría ofensiva cun tiro de Sergio por riba da portería e un disparo cruzado de Isma.

O Monterroso colle aire

O DOBRETE DE ISMA na recta final do partido deulles a vitoria aos de Adrián Vázquez despois de cinco xornadas

MONTERROSO	SAGRADO
Kevin	Álvaro
Álex V.V.	Fran
Diego	Losada
Jorge	Mallo
Iván	Carlos
Artai	Aarón
Raúl	Eder
Gabi	Samuel
Santi	Yoni
Manu	David
Isma	Jose
Martin R.	Diego
Roi	Sergio
Esteban	Quintala
	Iago
	Mario

Goles: Santi e Isma (2) polo Monterroso; Eder polo Sagrado Corazón.
 Árbitro: Javier Pérez Prado

Balón de osixeno para o Monterroso, que quere deixar atrás as cinco derrotas das últimas cinco xornadas. Os de Adrián Vázquez impuxéronse na recta final do encontro a un Sagrado Corazón incómodo nas reducidas dimensións do Anexo dos Cerdeiriños. Na primeira metade os locais foron máis incisivos e adiantáronse á media hora, nunha boa acción de Isma que rematou Santi

“Noraboa ao equipo por volver gañar”
 ADRIÁN VÁZQUEZ Monterroso

“No nos podemos olvidar de quienes somos y donde estamos, ha sido una buena cura de humildad para todo el grupo”
 BRAIS ROZADOS Sagrado Corazón

de cabeza, pero, aos cinco minutos, os capitalinos igualaron o encontro nun lanzamento de falta directo de Eder. Tras o paso polos vestiarios, Sagrado Corazón tratou de cambiarlle a cara ao partido con tres

O Ribadeo comeza a sumar ante a Sarriana

CATRO GOLES na segunda parte

RIBADEO	4
SARRIANA	0
Inaki	David
Iván Moreda	Richi
Brais	Barrio
Borja	Munir
Peña	Gallejo
J. Pérez	Saúl
Samuel	López
Javi Andina	Somoza
Del Viso	David
Diego	Ajan
Miguel Guedes	Hamza
Lucas	Ángel
Miguel Andina	
Roi	
Nico	
Gabri	

Goles: Samuel, Javi Pérez, Nico e Del Viso.
 Árbitro: David Méndez Moreda

Primeira vitoria do Ribadeo no campionato provincial. Despois da derrota da xornada inaugural ante o Polvorín e do aprazamento do encontro co Burela correspondente á segunda xornada, os ribadenses inauguraron o casilleiro cun triunfo ante unha Sarriana con só 12 xogadores para o partido no Pepe Barrera.

Os locais tiveron o dominio do encontro pero, na primeira metade, foi unha hexemonía no campo estéril de cara a portería, xa que apenas crearon ocasións de perigo. Sen embargo, tras o paso polos vestiarios, nos minutos iniciais da segunda metade a eficacia dos ribadenses foi máxima. Samuel inaugurou o marcador aos cinco minutos, culminando unha boa xogada entre Miguel Guedes e Del Viso e, no minuto dez, o propio de Viso fixo o 2-0.

A Sarriana, xa en dificultades, acusou moito o segundo tanto, deixando cada vez máis espazos para que o Ribadeo puidese ampliar a conta. Antes do final, Javi Pérez e Nico pecharían o marcador con cadansúa diana.

“Recuperamos o bo xogo perdido contra o Polvorín a pasada xornada”
 COTO Ribadeo

“Con mala actitude somos un equipo mediocre, con boa actitude podemos pelexar todos os encontros”
 EDGAR REDONDO Sarriana

O Polvorín castigou a un Burela moi mermado

O ENCONTRO FOI UN MONÓLOGO AMARELO fronte ao once de circunstancias que presentaron os da Marosa, con Lucas na media punta

POLVORÍN A

Goles: Manu Couce (4), Dhomi (2), Alberto Díaz (2), Raúl e Alberto Vázquez.

10

BURELA

Goles: Dani Jiménez (2)

2



Arbitro: Alejandro Luna Méndez. Campo: O Polvorín.

“La actitud de los primeros veinte minutos es intolerable. No puede volver a repetirse”

CABALLERO Polvorín A

“Nas condicións nas que estamos sería inxusto pedirlle mais a estes rapaces. Noraboa ao Polvorín”

RAMIRO CHAVES Ramón

OS MELLORES

POLVORÍN	BURELA
M. COUCE	DANI
ALBERTO D.	LUCAS
ALBERTO V.	BALSEIRO

Vitoria contundente do Polvorín ante un Burela que chegou moi mermado a Montirón. O resultado amosa unha clara superioridade local pero non foi, con todo, o partido máis brillante dos amarelos. De feito, noutras circunstancias puideron sufrir as consecuencias dun mal inicio de partido.

Antes de cumprirse o minuto de xogo Manu Couce adiantou aos de Caballero pero, nos minutos posteriores, a falta de concentración custoulles a remontada provisional do Burela, con dous tanto case consecutivos de Dani.

A reacción foi un espectralismo. Con doce xogadores e un once con Lucas, porteiro titular, xogando como media punta, cando o Polvorín comezou a carburar, o equipo de Ramiro Chaves apenas puido aguantar no partido.

Antes do descanso, os locais levaron o marcador ata o 5-2, deixando o partido resolto, se non polo resultado, polas sensacións que uns e outros tiñan sobre o terreo de xogo.

Na segunda metade acentuouse o dominio do Polvorín, aínda que o Burela mantiña no marcador. De feito, ata os últimos vinte minutos, o resultado era de 6-2.

A entrada ao campo dos xogadores de primeiro ano do banquillo local deulle novos alicientes ao partido que seguiu a ser un monólogo amarelo, agora con máis acerto de cara á portaría rival. Así, o marcador avultouse ata o 10-2, un triunfo que mantén ao Polvorín no liderado, cos mesmos puntos pero mellor balance de goles que a Residencia. A vindeira semana os de Caballero visitan Sarria. O Burela pode redimirse na Marosa ante o Monterroso.



Os burelaos Azael e Fran entre Lucas e Andrés



Alberto Díaz, do Polvorín, trata de superar aos xogadores burelaos Fran e Azael

1-2

AOS SEIS MINUTOS

Ningún dos dous equipos entrou ben no encontro e, en minutos que deberían ser de temento, o partido púxose 1-2. Manu Couce adiantou ao Polvorín antes de cumprirse o minuto un, e despois dous goles case consecutivos de Dani Jiménez déronlle a volta ao partido provisionalmente. Tras o accidentado inicio, consolidouse o dominio do Polvorín.

19

GOLES DE DANI JIMÉNEZ

Nun día moi gris do Burela, Dani Jiménez volveu ser o principal baluarte ofensivo dos da Marosa. Os seus dous tantos no inicio do partido permitílle sumar 19 no que vai de temporada e colocarse como segundo máximo goleador da categoría, só por detrás do dianteiro do Ribadeo, Samuel



Manu Couce recibe un balón de costas a David Orosa



Andrés protexe o esférico no medio campo ante Fran



Alberto Vázquez conduce o coiro por diante de Alexandre

CLASIFICACIÓNS

CADETE Promoción Ascenso

RESULTADOS	
Polvorín A-Burela	10-2
Ribadeo-Sarriana	4-0
Foz-Residencia	0-1
Monterroso-Sagrado	3-1

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P	GF	GC
POLVORÍN	9	3	3	0	0	15	3
RESIDENCIA	9	3	3	0	0	7	2
CD FOZ	3	3	1	0	2	4	5
SARRIANA	3	3	1	0	2	6	9
SAGRADO C.	3	3	1	0	2	6	8
RIBADEO	3	2	1	0	1	4	2
BURELA	0	2	0	0	2	3	14
MONTERROSO	3	3	1	0	2	5	3

PRÓXIMA XORNADA

Burela-Monterroso	Residencia A-Ribadeo A
Sarriana A-Polvorín A	Sagrado-Foz

CADETE Play-Off

RESULTADOS	
Abuín-Xove Lago	0-4
Residencia B-Casás	0-0
Pirringalla-Becerreá	2-6
Viveiro CF B-Laurenza	Apr.

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P	GF	GC
XOVE LAGO	9	3	3	0	0	12	0
BECCERREÁ	7	3	2	1	0	16	8
LOURENZA	4	2	1	1	0	5	2
RESIDENCIA B	4	3	1	1	1	2	3
AT. ABUÍN	3	3	1	0	2	3	6
CASÁS	1	3	0	2	1	1	4
PIRINGALLA	1	3	1	0	2	3	12
VIVEIRO B	0	2	0	0	2	4	11

PRÓXIMA XORNADA

Xove Lago-Viveiro CF B	Becerreá-Residencia B
Casás-Abuín	Laurenza-Pirringalla

CADETE Torneo Delegación

RESULTADOS	
Ferrovial-Pontenova	2-4
Castro-Antas	2-0
Villalbés B-Sarriana B	11-0

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P	GF	GC
PONTENOVA	9	3	3	0	0	11	2
CASTRO	6	3	2	0	1	6	3
ANTAS	2	3	0	2	1	1	3
EF POLVORÍN B	2	2	0	2	0	1	1
VILLALBÉS B	4	2	1	1	0	11	0
SARRIANA B	1	3	0	1	2	1	16
FERROVIARIA	0	2	0	0	2	0	4

PRÓXIMA XORNADA

Antas-Ferrovial	Polvorín B-Sarriana B
Villalbés B-Castro	

PLAY OFF | TORNEO DELEG.

Xove, Villalbés B e Polvorín B seguen sen recibir ningún gol na segunda fase da temporada

O equipo de Jose Iravedra, que este domingo enlazou ante o Abuín a terceira vitoria, é o único conxunto de Play Off que pode presumir de imbatibilidade na segunda fase da temporada. Os xovens lideran a competición, seguidos do Becerreá. Tampouco tiveron que recoller aínda o balón do fondo da mallas Rácing Villalbés B e Polvorín, os dous con dous encontros disputados no Torneo Delegación. O Sporting Pontenova, que tampouco encaixara ningún gol, perdeu a imbatibilidade fronte á Ferrovial, pero segue a sumar por vitorias os seus encontros na segunda fase, e encabeza a competición.

Pichichi XUVENIL PROVINCIAL		
Xogador	Equipo	G.
ANXO	Milagrosa	13
ABELLA	Sarriana	12
IAGO	Polvorín FC	11
DAMIÁN	Becerreá	9
BORJA	Castro	9
NANO	Milagrosa	9
GUNDÍN	Sagrado	8
JAVI	Becerreá	7
VÍCTOR	Foz	7
MARCO	Milagrosa	7
NEIRA	Milagrosa	7
ALBERTO	Polvorín FC	7
ABEL	Villalbés B	7
IVÁN GARCÍA	Ribadeo	6
DIEGO	San Ciprián	6
GABRI	Villalbés B	6
JOSE A.	Becerreá	5
ÁLEX	Castro	5
RAÚL	Castro	5
EDILSON	Foz	5
SPEEDY	Polvorín FC	5
SANTÍN	Becerreá	4
NACHO	Castro	4
TORITO	Castro	4
YERAI	Foz	4
JORGE	Foz	4
CASANOVA	Ribadeo	4
JORGE	Ribadeo	4
ADRIÁN	Sagrado	4
IVANILSON	San Ciprián	4
FLY	San Ciprián	4
MARCO	Sarriana	4
ÁLEX	Villalbés B	4
ÁNGEL	Villalbés B	4
JOSE	Becerreá	3
JORGE	Castro	3
CHAMPI	Castro	3

Regularidade XUVENIL PROVINCIAL		
Xogador	Equipo	P.
JORGE	Foz	23
HUGO	Sagrado	21
IAGO	Polvorín FC	19
DIEGO	San Ciprián	19
RAÚL	Castro	18
BORJA	Castro	18
SPEEDY	Polvorín FC	18
SANTÍN	Becerreá	16
VÍCTOR	Foz	15
ADRIÁN	Castro	14
ÁLEX	Ribadeo	14
ABRAHAM	San Ciprián	14
ÁLEX	Polvorín FC	13
ABELLA	Sarriana	13
ABEL	Villalbés B	13
IVÁN	Becerreá	12
ANXO	Milagrosa	12
DIEGO	Milagrosa	11
PLATAS	Sagrado	11
EDGAR	Sarriana	11
NICO	Villalbés B	11
JORGE	Castro	10
ÁLEX	Foz	10
IVANILSON	San Ciprián	10
IAGO	Villalbés B	10
JORGE	Becerreá	9
DIEGO	Milagrosa	9
ADRIÁN	Ribadeo	9
ANDRÉS	San Ciprián	9
JAIRO	San Ciprián	9
FABIÁN	Sarriana	9
ÁNGEL	Villalbés B	9
JAVI	Becerreá	8
JOSE	Becerreá	8
VÍCTOR	Foz	8
RUBÉN	Polvorín FC	8
HUGO	Ribadeo	8
DIEGO	Ribadeo	8

Traballada vitoria da Mila, que lidera a liga en solitario

O CASTRO xogou de ti a ti contra os de Couso, con máis pegada na Frigsa. O empate do Villalbés B dalles dous puntos de vantaxe no liderado

MILAGROSA
Goles: Anxo, Nano e Neira.

CASTRO
Goles: Raúl.

3

1

Arbitro: Adrián Fernández Tejido Campo: Luis López Gorgoso-Frigsa

“Foi o noso partido máis espeso da temporada, e diante tivemos un gran rival”
MANOLO COUSO Milagrosa

“Bo traballo de todo o grupo, que os erros neste partido nos sirvan para aprender”
BRAIS PRADOS Castro

OS MELLORES	
MILAGROSA	CASTRO
DIEGO G.	BORJA
NEIRA	RAÚL
ANXO	JORGE

A Milagrosa colle o liderado en solitario. A complicada vitoria ante o Castro tivo dobre premio para os de Couso tras o empate do Villalbés B ante o Polvorín FC. Os locais tiveron que empregarse a fondo fronte a un Castro que xogou de ti a ti contra o líder, pero que pagou a factura da falta de acerto na finalización.

Os chairegos conseguiron manter baixo control as entradas pola banda dos de Couso e tiveron a primeira ocasión clara para abrir o marcador, nun man a man de Raúl que resolveu ben Roberto. Sen embargo, foi a Milagrosa quen se adiantou cun disparo de Marco desde fóra da área no ecuador da primeira metade.

Tras o tanto chegaron os mellores minutos dos da Frigsa, que ampliaron a renda cun gol de Nano tras unha boa acción pola

6

GOLES EN CONTRA
A Milagrosa só encaixou seis tantos nos 14 encontros disputados esta temporada, polo que é o equipo menos batido da categoría xuvenil

banda.

Ainda así, antes do descanso o Castro conseguiu meterse de cheo no partido co 2-1 obra de Raúl, que roubou un balón e marcou cunha vaselina que superou ao porteiro na saída.

Na segunda metade o partido estivo máis aberto e, no intercambio de ocasións, o Castro puido lograr o empate nunha falta lanzada por Torito que rexeitou o pau e en dous tiros de Borja, moi activo durante todo o encontro.

O intercambio de ocasións acabou beneficiando á Milagrosa, que puido sentenciar o encontro cun penalti de Neira cando apenas quedaban dez minutos. Fran tivo unha máis, tamén rexeitada polo pau, antes de rematar o encontro na Frigsa. A quinta vitoria da Milagrosa que só cedeu un punto no Provincial, o empate da primeira xornada ante o Rácing.



O capitán chairego, Adrián, protexe o balón ante Nano



Adrián trata de chegar a un balón que controla Diego F.



Jorge trata de protexer o balón ante o dianteiro local Anxo

O Becerreá volveu sumar no Municipal

TRAS CATRO XORNADAS sen gañar, os de Antón Méndez recuperaron boas sensacións ante un Ribadeo que non acaba de despegar no campionato provincial

BECERREÁ		4
RIBADEO		2
Adriá	Diego	
Sergio	Miguel Yáñez	
Jorge	Román	
Fran	Carlos	
Iván	Hugo	
Miguel	Adrián Cube	
Santín	Manu	
José A.	David Cube	
Deiros	Jorge	
Marco	Toni	
Javi	Iván García	
Andrés	Jose	
Damián	Javi Paraje	
Javi	Loredo	
Bilal		

Goles: Javi, José Antonio (2) e Damián polo Becerreá; Román e Iván García polo Ribadeo.

Arbitro: Alberto Lago Barreiro

O Becerreá volve sorrir despois de catro xornadas en branco. Os de Antón enderazaron o rumbo perdido tras a vitoria da primeira xornada ante o Sagrado Corazón, tamén no Municipal.

Tras quince minutos de tenteo, os locais adiantáronse cun gol de Javi que axiña igualaría Román, de falta. Mantiñase o equilibrio no marcador malia que, sobre o campo, os de Antón Méndez ían gañando terreo,

disputando, na última media hora antes do descanso, os mellores minutos do encontro, refrendados co 2-1, o primeiro de Jose António, a cinco para o intermedio.

O paso polos vestiarios sentoulle mellor ao Ribadeo, que saiu disposto a buscar o empate. Os visitantes rondaron á area e acabaron atopando o gol por medio de Iván García.

Sen embargo, pouco lles durou a alegría. José Antonio completou o seu dobrete

“Tres puntos importantes para recuperar sensaciones” **ANTÓN MÉNDEZ** Becerreá

“Un partido máis competimos ben, pero erros moi puntuais impidennos sumar algo positivo neste encontro” **SALVA** Ribadeo

co 3-2 culminando unha contra propiciada por unha perda visitante no medio do campo. Quedaban por diante vinte minutos nos que os locais sufriron para aguantar a vantaxe ante un Ribadeo que non tirou a toalla. De feito, Iván García tivo a igualada nun remate que, tras estrelarse no pau, puido acabar no fondo das mallas. O gol non subiu ao marcador para alivio do público local e, sobre a bucina, Damián finiquitou o encontro co 4-2 nunha das súas cabalgadas pola banda.

O Polvorín freou ao Rácing, gris no Roca

IMPUXÉRONSE
as defensas

VILLALBÉS B	0
POLVORÍN FC	0

Lois	You
Cris	Cobas
Cabado	Peter
Xoel	Martin
Nico	Gorka
David	Alex
Marco	Porral
Yago	Alberto
Santi	Speedy
Abel	Suso
Gabri	Iago
Alex	Miquel
Héctor	Iker
	Brais

Arbitro: David Rodríguez López.

O Rácing Villalbés B deixou os primeiros puntos no Roca. Os de Iván Lamas non puideron cun Polvorín FC que conseguiu imposer a súa proposta ante un equipo local máis espeso do habitual, especialmente na primeira media hora do encontro.

Os papeis estaban repartidos desde o comezo. Os locais levarían a iniciativa e os amarelos agardarían a súa oportunidade desde posicións máis retrasadas. O partido tivo nos primeiros trinta minutos o ritmo que máis convida aos visitantes, máis vivos nas disputas.

O lateral racinguista Cris foi quen máis cerca estivo do gol ao rematar ao pau un rexeitamento nunha falta. Despois, You sacou co pé un remate tamén perigoso de Gabriel na área.

Na segunda metade o Polvorín FC mostrouse máis incisivo e ambicioso e achegouse á meta local con perigo en remates de Iago, Alberto e Speedy, que inquietou cun par de lanzamentos de falta.

O escenario preparábase para o 0-0 que se impuxo malia que, no último minuto, Marco puxo na área un bo balón. Abel non chegou para rematar.

"Temos que mellorar na toma de decisións cando pisamos a área e nas accións individuais"

IVÁN LAMAS RC Villalbés B

"O equipo competiu ben e deu a talla, tanto ofensiva como defensivamente"

KUBALA Polvorín FC



Diego Baltar golpea o esférico presionado por Adrián



Abraham golpeando o balón ante Röber, detrás, Jairo

Platas culminou a remontada capitalina

O SAN CIPRIÁN ADIANTOUSE AOS CATRO MINUTOS, pero os locais remontaron e lograron o primeiro triunfo

SAGRADO CORAZÓN	2	1	SAN CIPRIÁN
Goles: Muñelo e Platas			Goles: Fly



Arbitro: Brais García Valín.

Campo: Manuel Rodríguez Lago-As Gándaras

OS MELLORES

SAGRADO	SAN CIPRIÁN
PLATAS	ABRAHAM
MUÑELO	DIEGO B.
YERAY	HUGO

remate de Abraham tras un saque de esquina e un tiro de Diego Baltar.

Sagrado Corazón, pola contra, non lograba profundidade no xogo malia ter máis continuidade co balón.

Sen embargo, no seu primeiro remate a portería, a dez minutos do final, Muñelo fixo o empate tras enganchar cunha volea un centro ao segundo pau.

San Ciprián marchou ao descanso coa sensación de ter merecido máis pero, tras o paso polos vestia-rios, o guión do partido cambiou.

Sagrado Corazón saiu disposto a facer algunha concesión máis ao pragmatismo e, cun xogo máis directo, conseguiu chegar con máis perigo á area rival.

Adrián Platas marcou o segundo nun saque de esquina e, despois, Mithun, nun man a man, Sergi e Gundin tiveron ocasión de ampliar a renda antes do arreón final de San Ciprián.

Os visitantes amagaron

"Este partido refuerza al grupo. Se lo merecían"

FRAN FERNÁNDEZ, Sagrado

"Escápasenos outros resultado por non coidar os detalles"

KUBALA Polvorín FC



Muñelo, autor do primeiro gol, co balón ante Dani



Fly co balón na liña de fondo, ante o dianteiro local Hugo

co empate en dous córners rematados por Juan e Abraham, pero o marcador non se moveu.

O 2-1 deulle a Sagrado Corazón a primeira vitoria do campionato provincial antes da esixente cita da vindeira semana en Vilalba. O San Ciprián recibirá a Sarriana na Veiga.

1ª

REMONTADA Todos os puntos do Sagrado Corazón chegaron despois de igualar partidos que comezaron perdendo -ante Castro e Ribadeo- pero ata este sábado non conseguiran culminar unha remontada, dándolle a volta ao partido

CLASIFICACIÓNS

XUVENIL Promoción Ascenso

RESULTADOS	
Villalbés B-Polvorín FC	0-0
Sagrado-San Ciprián	2-1
Sarriana-Foz	05/02
Becerreá-Ribadeo	4-2
Milagrosa-Castro	3-1

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P	GF	GC
MILAGROSA	16	6	5	1	0	21	2
VILLALBÉS B	14	6	4	2	0	14	5
CD FOZ	9	5	3	0	2	11	7
CD CASTRO	8	6	2	2	2	12	12
POLVORIN FC	8	6	2	2	2	8	11
BECCERREÁ	6	6	2	0	4	9	14
SD RIBADEO	6	6	1	3	2	7	12
SAGRADO C	5	6	1	2	3	6	10
SARRIANA	4	5	1	2	2	7	15
SAN CIPRIÁN	2	5	0	2	3	7	12

PRÓXIMA XORNADA

Villalbés B-Sagrado	Ribadeo-Milagrosa
San Ciprián-Sarriana	Polvorín FC-Castro
Foz-Becerreá	

XUVENIL Play-Off

RESULTADOS	
Xove Lago-Quiroga	4-2
Monterroso-Cospito	3-2
Viveiro CF B-Residencia B	1-1
Palas-Corgo	2-2

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P	GF	GC
VIVEIRO CF B	13	5	5	0	1	11	4
XOVE LAGO	12	6	4	0	2	21	12
RESIDENCIA B	11	6	3	2	1	22	11
SAN ROQUE	9	5	3	0	2	14	14
MONTERROSO	9	5	3	0	2	10	11
COSPEITO	7	5	2	1	2	11	11
QUIROGA	3	5	1	0	4	12	19
CORGO	4	6	1	1	4	11	19
PALAS	1	5	0	1	4	6	17

PRÓXIMA XORNADA

San Roque-Xove Lago	Monterroso-Viveiro CF B
Quiroga-Cospito	Residencia B-Palas

XUVENIL Torneo Delegación

RESULTADOS	
Polvorín A-Ferroviaria	3-4
Gutiriz-Pontenova	2-1
Burela-Outeiro de Rei	10-1
Lourenzá-Taboada	5-1

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P	GF	GC
BURELA SD	18	6	6	0	0	33	12
SP PONTENOVA	12	6	4	0	2	22	7
LOURENZÁ	12	6	4	0	2	26	13
GUTIRIZ	10	6	3	1	2	9	16
FERROVIARIA	9	6	3	0	3	14	20
OUTEIRO DE REI	7	5	2	1	2	10	5
EF POLVORIN A	3	6	1	0	5	13	30
TABOADA	0	6	0	0	6	5	20

PRÓXIMA XORNADA

Ferroviaria-Gutiriz	Outeiro de Rei-Lourenzá
Sp Pontenova-Burela	Taboada-EF Polvorín A

PLAY OFF | TORNEO DELEG.

O Palas estrea a conta de puntos no Play Off con empate nos Chacotes fronte ao Corgo

Máis alá das táboas entre Palas e Corgo, a xornada deixou dúas vitorias locais e un empate na liña de Play Off, onde os equipos se xogan a posibilidade de competir a vindeira temporeira na Primeira División. Xove Lago e Monterroso sumaron os tres puntos en xogo. Viveiro cedeu os dous primeiros ante a Residencia B. No Torneo Delegación, o Burela segue a súa xeira imparável, sen perdendo ningún partido, e lucindo pegada en cada ocasión.



A DEPUTACIÓN
DE LUGO
CO DEPORTE

SDC Residencia

A DEPUTACIÓN DE LUGO RENOVOU O SEU COMPROMISO CO CLUB DA CHEDA CUNHA ACHEGA DE 5.000 EUROS PARA SUFRAGAR GASTOS



O Deputado de Deportes, Pablo Rivera Capón, e o Concelleiro de Deportes, Miguel Fernández Méndez, mantiveron un encontro co Presidente da SDC Residencia, Julio Pacios Valín, e cuns 60 xogadores da categoría alevín. Fixérono durante un adestramento dos rapaces, no campo municipal da Cheda en Lugo. Durante o encontro Pablo Rivera Capón e Julio Pacios Valín asinaron un convenio de colaboración por valor de 5.000 euros que servira para cubrir parte dos gastos da tempada do club capitalino.

Rivera Capón destacou que a Sociedade Deportiva e Cultural Residencia leva formando aos máis pequenos non só no fútbol, tamén en todos os valores que o deporte representa: a superación, o traballo en equipo, a solidariedade... Na actualidade preto de 360 rapaces participan nos conxuntos de fútbol base, que dispón equipos en todas as categorías: Chupete, Prebenxamin, Benxamin, Alevín, Infantil, Cadete, Xuvenil, Afeccionado e Veteráno, algunha delas con máis dun equipo participando por categoría. Na década dos anos oitenta o club pasou polos seus peores momentos, pero nos noventa deu un novo impulso no barrio que leva o seu nome captando xogadores para formar categorías inferiores e dende entón o crecemento e continuo.

O presidente, Julio Pacios, agradeceu este apoio en nome de todos os directivos da SDC

Residencia, xa que con esta achega do ente provincial poderá sufragar gastos de viaxes e demais necesidades do club. A Deputación de Lugo tamén foi clave na mellora do terreo de xogo da Cheda, algo moi necesario e que según Julio Pacios reduciu o número de lesións que sufrían os xogadores as tempadas pasadas.

"Tamén conta co equipo Sénior, militante na Primeira Autonómica, unha constatación do traballo feito, a aposta polo deporte base que comezou hai 27 anos, unha labor que vai máis alá do deportivo, pois tamén é un compromiso social que continúa a dar froitos tempada tras

tempada e que desde o Goberno da Deputación compartimos, por iso durante o 2018 fomos a administración que máis investimos no deporte na provincia" explicou o Deputado Provincial de Deportes Pablo Rivera Capón.

A Residencia é un equipo histórico da cidade de Lugo, naceu no barrio do que recolle o nome no ano 1967, e quere manter a súa memoria mediante un arquivo fotográfico que coa colaboración dos afeccionados pretende reunir e dixitalizar, polo que solicitan a axuda de ex xogadores, adestradores e simpatizantes para poder elaboralo o máis completo posible.



A DEPUTACIÓN
DE LUGO
CO DEPORTE

